

**ACTA NÚMERO: 31/2023**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2023.**

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 19 de outubro de 2023 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** José Carlos López Campos, Deputado do Grupo Provincial do Partido Popular.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais
- Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Antonio Torrón Casal, Técnico Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 13 de outubro de 2023 (Reunión 31/2023).*
2. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)". (Expte.- 2023042340).*
3. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023010892).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023010892).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a a contratación do Seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións de obras de arte da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023052969).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente aos criterios avaliables automaticamente do procedemento aberto convocado para a a contratación do Seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións de obras de arte da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023052969).*

Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, participa na reunión a través de videoconferencia e tanto o Presidente como os demais vogais citados asisten de forma presencial.

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 13 de outubro de 2023 (Reunión 31/2023).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente ao día, 13 de outubro de 2023 (Reunión 31/2023).

**2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)". (Expte.- 2023042340).**

A Xunta de Goberno na sesión ordinaria celebrada o día 04/08//2023 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de agosto de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 07/09/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliada mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do contrato de obras "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO
- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- CONSTRUCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L..



A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Rosendo Alonso Fernández, con data 15 de setembro de 2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTAIS	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	14,00	2,00	16,00
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00	2,00	16,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	22,00	3,00	25,00
NAROM, S.L.	16,00	2,00	18,00

A Mesa de Contratación na reunión de data 21/09/2023 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Rosendo Alonso Fernández, de data 15 de setembro de 2023, acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”.

Na mesma sesión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	337.075,72 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	336.281,92 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	333.647,95 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	345.807,49 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	353.240,35 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	330.689,25 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	357.209,34 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	347.395,10 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por HORDESCON, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxeran para executar este contrato.

A empresa, HORDESCON, S.L., presentou a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX WEB\_2023056336) escrito xustificando a súa oferta, dando traslado do mesmo ós servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para que emitiran o preceptivo informe.

Con data 11/10/2023 emitiu informe o Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, recollendo o seguinte: *“...considero que a empresa HORDESCON, S.L NON xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentada pola mesma, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra...”*

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na reunión de data 19/10/2023, procedeu á valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:



LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	22,12	5,00	5,00	5,00	37,12
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	22,79	5,00	5,00	5,00	37,79
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	25,03	5,00	5,00	5,00	40,03
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	14,53	5,00	5,00	5,00	29,53
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	7,33	5,00	5,00	5,00	22,33
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	3,49	5,00	5,00	5,00	18,49
NAROM, S.L.	12,99	5,00	5,00	5,00	27,99

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó órgano de contratación, excluir do procedemento a oferta presentada pola empresa HORDESCON, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	25,00	40,03	65,03
2	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	20,00	37,79	57,79
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	16,00	37,12	53,12
4	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	29,53	52,53
5	NAROM, S.L.	18,00	27,99	45,99



6	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	25,00	18,49	43,49
7	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	22,33	38,33

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)” á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .....333.647,95 €  
 IVE (21%) .....70.066,07 €  
 Importe Total ..... 403.714,02 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. (CIF B94181807)., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
  - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares



- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 16.682,40 €

**3. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023010892).***

O Presidente decide retirar o asunto da orde do día debido a que unha empresa solicitou que se emitira un informe polos responsables da plataforma VORTAL en relación a unhas incidencias que tivo o representante legal da empresa, durante o prazo establecido ao efecto, para a presentación da documentación solicitada para participar no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra.

**4. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023010892).***

O Presidente decide retirar o asunto da orde do día polos motivos expostos no punto anterior debido a que se trata do mesmo procedemento de licitación.

**5. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a a contratación do Seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións de obras de arte da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023052969).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 29 de setembro de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto e tramitación anticipada, do "Seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións de obras de arte da Deputación de Pontevedra". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 2 de outubro de 2023. Na mesma data tamén figuran



publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

A continuación accédese á plataforma VORTAL, garantindo todas as actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE LTD. SUC. ESPAÑA (NIF: W0069547H)
- XL INSURANCE COMPANY SE, SUCURSAL EN ESPAÑA (NIF: W0065403H)
- HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF: A41003864).

**6. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente aos criterios avaliábeis automáticamente do procedemento aberto convocado para a contratación do Seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións de obras de arte da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023052969).***

O Secretario informa que a Mesa de Contratación na reunión do día 19 de outubro de 2023 efectuou a apertura do sobre "A", do procedemento aberto convocado para a contratación do "Seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións de obras de arte da Deputación de Pontevedra", sendo as empresas admitidas as seguintes:

- LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE LTD. SUC. ESPAÑA (NIF: W0069547H)
- XL INSURANCE COMPANY SE, SUCURSAL EN ESPAÑA (NIF: W0065403H)
- HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF: A41003864).





A continuación accédese á plataforma VORTAL, garantindo todas as actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación do sobre “B” correspondente aos criterios avaliados automaticamente presentada polas empresas admitidas ó devandito procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

**LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE LTD. SUC. ESPAÑA (NIF: W0069547H)**

1. Prima ***total anual*** ofertada: 76.371,41€
2. Criterios cualitativos avaliados mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación de fórmulas:
  - A empresa oferta a inclusión de cobertura para os danos sufridos polos bens asegurados por cambios de temperatura e de humidade no ambiente, condensación, influencia progresiva do frío e a calor, danos por cambios de cor producidos pola acción da luz natural ou artificial ou por calquera outra causa: NON
  - A empresa oferta a inclusión dos danos por contaminación, polución ou calquera outro tipo de residuos, así como o custo de extracción dos materiais contaminantes e os gastos para substituír o ben danado: NON
  - A empresa oferta a cláusula de recompra: SI
  - A empresa oferta a cláusula de reparación e restauración: SI
  - A empresa oferta a cláusula obras expostas ao aire libre: SI
  - A empresa oferta cláusula de gastos de recompensa e recuperación de obxectos perdidos: SI
  - A empresa oferta a cláusula de limpeza de cascallos: SI
  - A empresa oferta a cláusula de arbitraje: SI
  - A empresa oferta a cláusula de gastos por transporte e almacenaxe durante situacións de emerxencia: SI
  - A empresa oferta a cláusula de falecemento do artista: SI
  - A empresa oferta a cláusula de título defectuoso: SI
  - A empresa oferta a cláusula de 72 horas: SI
  - A empresa oferta a cláusula por insuficiencia de embalaxe: SI
  - A empresa oferta a cláusula de franquicia consorcio de compensación de seguros: NON

**XL INSURANCE COMPANY SE, SUCURSAL EN ESPAÑA (NIF: W0065403H)**

1. Prima ***total anual*** ofertada: 67.691,87 €
2. Criterios cualitativos avaliados mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación de fórmulas:



- A empresa oferta a inclusión de cobertura para os danos sufridos polos bens asegurados por cambios de temperatura e de humidade no ambiente, condensación, influencia progresiva do frío e a calor, danos por cambios de cor producidos pola acción da luz natural ou artificial ou por calquera outra causa: NON
- A empresa oferta a inclusión dos danos por contaminación, polución ou calquera outro tipo de residuos, así como o custo de extracción dos materiais contaminantes e os gastos para substituír o ben danado: NON
- A empresa oferta a cláusula de recompra: SI
- A empresa oferta a cláusula de reparación e restauración: SI
- A empresa oferta a cláusula obras expostas ao aire libre: SI
- A empresa oferta cláusula de gastos de recompensa e recuperación de obxectos perdidos: SI
- A empresa oferta a cláusula de limpeza de cascallos: SI
- A empresa oferta a cláusula de arbitraje: SI
- A empresa oferta a cláusula de gastos por transporte e almacenaxe durante situacións de emerxencia: SI
- A empresa oferta a cláusula de falecemento do artista: SI
- A empresa oferta a cláusula de título defectuoso: SI
- A empresa oferta a cláusula de 72 horas: SI
- A empresa oferta a cláusula por insuficiencia de embalaxe: NON
- A empresa oferta a cláusula de franquicia consorcio de compensación de seguros: SI

**HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF: A41003864)**

1. Prima **total anual** ofertada: 62.802,67 €
2. Criterios cualitativos avaliados mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación de fórmulas:
  - A empresa oferta a inclusión de cobertura para os danos sufridos polos bens asegurados por cambios de temperatura e de humidade no ambiente, condensación, influencia progresiva do frío e a calor, danos por cambios de cor producidos pola acción da luz natural ou artificial ou por calquera outra causa: NON
  - A empresa oferta a inclusión dos danos por contaminación, polución ou calquera outro tipo de residuos, así como o custo de extracción dos materiais contaminantes e os gastos para substituír o ben danado: NON
  - A empresa oferta a cláusula de recompra: SI
  - A empresa oferta a cláusula de reparación e restauración: SI
  - A empresa oferta a cláusula obras expostas ao aire libre: SI



- A empresa oferta cláusula de gastos de recompensa e recuperación de obxectos perdidos: SI
- A empresa oferta a cláusula de limpeza de cascallos: SI
- A empresa oferta a cláusula de arbitraje: NON
- A empresa oferta a cláusula de gastos por transporte e almacenaxe durante situacións de emerxencia: SI
- A empresa oferta a cláusula de falecemento do artista: SI
- A empresa oferta a cláusula de título defectuoso: NON
- A empresa oferta a cláusula de 72 horas: NON
- A empresa oferta a cláusula por insuficiencia de embalaxe: SI
- A empresa oferta a cláusula de franquicia consorcio de compensación de seguros: NON

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar algunha oferta dos lotes incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

